

# 10 consellos para potenciar as redes sociais no sector turístico lucense



DEPUTACIÓN  
DE LUGO



# 10 consellos para potenciar as redes no sector turístico lucense

## As redes sociais

Neste documento, ofrecemos unhas recomendacións xerais para o uso das redes sociais (RRSS) no ámbito das empresas turísticas. Non obstante, a premisa fundamental é que toda empresa opte por unha xestión profesional da súa comunicación, e que esta se desenvolva no marco dunha estratexia cuns obxectivos ben definidos.

As redes sociais poden converterse nun gran aliado das empresas e profesionais do sector turístico, sendo potenciadoras da marca creada. Pero antes de considerar as plataformas de RRSS nas que estaremos, cabe determinar que existe unha sinxela clasificación destas: horizontais e verticais. As primeiras son aquelas que non teñen unha temática definida e se mantén unha relación persoal (pode ser o caso de Facebook). Doutra banda, as verticais tenden a especializarse e están destinadas a un usuario moi concreto (neste caso estaría Instagram). Coñezamos agora algunhas das principais RRSS máis empregadas pola sociedade na actualidade.

# 10 consellos para potenciar as redes no sector turístico lucense

## As redes sociais



En todo o mundo conta con 2.449 millóns de usuarios, sendo a plataforma con maior número de usuarios a nivel mundial e tamén a que conta con máis adeptos en España, xa que un 87% dos usuarios de redes estiveron presentes en Facebook en 2019. A audiencia ten entre 18 e 55 anos, aínda que os máis activos oscilan entre os 25 e 34 anos.



Rede destinada á publicación de audiovisuais con 2.000 millóns de usuarios e un billón de horas de vídeo diarias. En España, un 68% dos usuarios das RRSS consumen vídeos en YouTube. Actualmente, está a substituír o consumo de televisión.



DEPUTACIÓN  
DE LUGO




# 10 consellos para potenciar as redes no sector turístico lucense

## As redes sociais



RRSS vertical especializada en fotografía. Tanto no mundo como en España, sitúase como a terceira rede entre as máis empregadas. No caso do sector turístico, é unha plataforma moi interesante, xa que podemos amosar a beleza do espazo primando a fotografía. O público obxectivo oscila entre os 18 e os 35 anos, aínda que podemos conectar con público ata os 45 anos.



O interese cara Twitter vai reducíndose co paso dos anos, quedándose con menos de 340 millóns de usuarios a nivel mundial. En España, en cambio, continúa sendo unha das redes máis empregadas, ao estar presente un 50% dos usuarios de redes. Esta plataforma é empregada como un modo de manterse ao día das noticias ou novidades, e o rango de idade do público obxectivo esténdese dos 18 ata os 55 anos.



DEPUTACIÓN  
DE LUGO



# 10 consellos para potenciar as redes no sector turístico lucense

## As redes sociais



### Tik Tok

No mundo conta con 800 millóns de usuarios, que na súa maioría forman parte da Xeración Z, mozos e mozas entre 13 e 24 anos. Hai que ter en conta que en España está comezando a incrementarse o seu uso e, se queremos chegar a este grupo de idade, debemos ter en conta esta plataforma. Ao mesmo tempo, cada vez hai unha maior presenza da Xeración Y, homes e mulleres nados nos últimos vinte anos do século XX (20-40 anos de idade).

Analizadas as principais redes sociais, enumeramos 10 consellos para potenciar o seu uso no sector turístico.

# 10 consellos para potenciar as redes no sector turístico lucense

## 1. Que debemos ter en conta para crear unha marca en RRSS?

O primeiro é coñecer o público ao que queremos chegar. Estar presente nunha rede que na que o noso público non amosa interese supón un esforzo que non terá o impacto esperado. Ao mesmo tempo, debemos ter en conta a importancia de crear un perfil nas redes que nos permitan posicionarnos como marca. Deste modo, podemos ter unha maior visibilidade e permítenos unha profesionalización das mesmas.

O nome escollido debe identificar a marca dende a que traballamos, xa sexa unha empresa ou un profesional, para que así os usuarios nos atopen dun modo máis sinxelo.

# 10 consellos para potenciar as redes no sector turístico lucense

## 2. Que queremos comunicar?

Antes de comezar a compartir información nas redes sociais, debemos ter claro que queremos comunicar a través de cada unha delas. Para conseguilo, é necesario realizar un Plan de Redes Sociais no que se inclúa o estilo das publicacións e a temática. Estas medidas axudarán a manter unha imaxe nas plataformas, que os usuarios vexan unha continuidade e sintan que formen parte dunha comunidade.

# 10 consellos para potenciar as redes no sector turístico lucense

## 3. Como comezar a publicar contido?

Temos que adaptar cada mensaxe ao público de cada rede, dende o tipo de imaxe ou vídeo ata a linguaxe que se emprega. Non é o mesmo un vídeo para Facebook que un para TikTok, os seus usuarios priman outros elementos. É dicir, unha mesma información debe ser comunicada de forma adecuada para os distintos públicos. Non é complexo e facilitará moito o traballo.



# 10 consellos para potenciar as redes no sector turístico lucense

## 4. Que podo compartir?

Enfocándonos no turismo, pódese compartir información de moi diversa índole e non só sobre a nosa marca, senón tamén sobre a comarca na que se atope a empresa ou actividade que realicemos ou a propia provincia de Lugo no seu conxunto. Isto permitirá que o potencial cliente, polo momento seguidor das redes sociais, coñeza as oportunidades que existen na área xeográfica dende a que se traballa.

# 10 consellos para potenciar as redes no sector turístico lucense

## 5. A que hora comparto as publicacións?

Cada comunidade de usuarios é un mundo. O ideal é publicar en horario comercial, é dicir, de 9 a 20 horas, pero todo depende do traballo que realice a empresa ou o profesional. Ao mesmo tempo, tamén hai que ter en conta as estatísticas de cada rede para coñecer a que hora funcionan mellor as publicacións, deste modo teremos un maior impacto.

# 10 consellos para potenciar as redes no sector turístico lucense

## 6. Empregamos etiquetas ou *hashtags*?

Todas as RRSS mencionadas permiten o uso de etiquetas ou *hashtags* que axudan ao usuario a identificar a mensaxe e apoiar a nosa marca. Pode ser o xeodestino, a temática (turismo deportivo, turismo rural, turismo enogastronómico), o concello... Deben ir sempre precedidos de #.

Tamén se pode crear unha etiqueta propia que identifique a marca e animar aos clientes a empregala e compartir imaxes ou información.

# 10 consellos para potenciar as redes no sector turístico lucense

## 7. Podemos subir calquera imaxe?

Non! As fotografías ou os vídeos deben estar coidados. Poden realizarse cun dispositivo móbil pero publicar unha imaxe borrosa, movida ou con moito zoom pode ser prexudicial e facer que a mensaxe que queremos enviar perda interese. No caso do sector turístico, o poder da imaxe é moito máis relevante se cabe.

# 10 consellos para potenciar as redes no sector turístico lucense

## 8. Respondemos sempre?

Hai que ter en conta que debemos responder as dúbidas e consultas dos usuarios pero non entrar na crítica banal, é dicir, agradecer os comentarios negativos coa intención de aplicalos para mellorar ou, no caso de que eses comentarios negativos se baseen en datos erróneos, debe responderse facilitando datos veraces. En redes sociais debemos dar a imaxe que queremos reflectir dende a nosa marca e, polo tanto, as respostas que demos tamén influirán nesta visión.

Non debemos esquecernos de agradecer os comentarios que nos encomian.

# 10 consellos para potenciar as redes no sector turístico lucense

## 9. Merece a pena o esforzo nas redes?

As redes sociais son analizables a nivel cuantitativo e cualitativo e é algo que se debe facer de forma periódica e hai plataformas gratuítas que o permiten. Coñecendo os datos de cada unha das redes, poderemos mellorar o impacto nos nosos usuarios.

# 10 consellos para potenciar as redes no sector turístico lucense

## 10. Que é o máis importante?

Sen dúbida, o máis importante é coñecer ao público de cada unha das redes, saber que lles gusta e cales son os contidos que queren consumir. Iso permitirá que os usuarios se acheguen á marca e se manteñan fieis a ela.

# 10 consellos para potenciar as redes no sector turístico lucense

## Conclusión

As redes sociais permiten realizar unha promoción cun custe razoable e coa que se chega a todo o mundo. Grazas a elas, son moitas as empresas e profesionais que se dan a coñecer a un público interesado. Ademais, permítennos ter un contacto directo co consumidor e que este achegue unha opinión, dúbida ou reclamación que permita mellorar.

Dende o Servizo de Promoción do Territorio e Turismo da Deputación de Lugo animámoste a seguirmos nas nosas contas oficiais e coñecer a provincia de Lugo con nós.





DEPUTACIÓN  
DE LUGO

